

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL:

A proba estará composta polos seguintes apartados:

1. Lectura rítmica. Exercicios nas claves de sol e fa en 4a, que incluírá as dificultades propias do 2º curso de Grao Elemental.
2. Entoación. Exercicios que incluírán as dificultades propias do 2º curso de Grao Elemental. Ditos exercicios realizaranse con acompañamento pianístico. Ao alumno se lle tocará o acorde de tónica e a escala antes da súa realización e apoiarse co piano durante a mesma.
3. Ditado. En Do M ou la m, que incluírá as dificultades rítmico- melódicas propias do 2º curso de Grao Elemental.
4. Teoría. Realización de exercicios de teoría cos contidos propios do curso 2º G.E.

Criterios de avaliación

1. Ler fragmentos rítmicos nas claves de sol e de fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
2. Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso.
3. Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico- melódico, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
4. Realizar con corrección os exercicios teórico- prácticos sobre os elementos rítmicos, melódicos, expresivos e formais solicitados.

1

Criterios de cualificación e promoción

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

1. Lectura rítmica 40%
2. Entoación 20 %
3. Ditado 20%
4. Teoría 20%

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.

PROBA DE FRAUTA TRAVESA

O aspirante deberá interpretar unha lectura a primeira vista axeitada ao nivel e dúas obras elixidas libremente.

Listado orientativo de obras

A fruta clásica (Vol.2)	M.Moyse
Iniciación á fruta (Vol. 2)	T.Wye
Escuchar, leer y tocar (Vol. 2)	M.Broers
Flute exam pieces ABRSM (Grade 2)	Autores Varios

Criterios de avaliación

1. Posición e control corporal: Demostrar capacidade de percepción, e capacidade de autocorrección das posturas erróneas, así como do grao de tensión necesario para tocar o instrumento.
2. Demostrar capacidade de corrixir os aspectos relacionados coa calidade do son, afinación (en sons largos), emisión e afinación entre intervalos.
3. Respiración: Demostrar control da columna de aire, da capacidade pulmonar e no manexo e combinación destes dous aspectos, aplicándoos á interpretación, sendo capaz de colocar un fraseo axeitado.
4. Ser capaz de interpretar secuencias melódicas de ata dúas alteracións.
5. Demostrar o control do son ata o SOL 4.

2

Criterios de cualificación:

-Texto: Dificultade da obra, fidelidade á partitura, memoria. (20%)

-Ritmo: Precisión, exactitude rítmica, tempo (20%)

-Musicalidade: Estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escea (20%)

-Técnica: articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, dixitación (40%)

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- **DNI** ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- **Orixinais** das obras que interprete
- **Acompañamento:** No caso de que a obra a interpretar requira acompañamento, éste deberá ser aportado polo aspirante.